

# Roteiro Circular da Cruz de Avelán


## DATOS TÉCNICOS DO ROTEIRO

**Tipo:** Circular  
**Distancia:** 7,65 km  
**Tempo medio:** 2h 15 min.  
**Dificultade:** Media - Alta  
**Cota inicial:** 192 m  
**Cota máxima:** 242 m  
**Cota mínima:** 121 m  
**Diferencia de cota:** 121m  
**Pendente máxima:** 21%



## Descripción xeral do roteiro

Este roteiro discorre polo monte da Cruz do Avelán e amósanos a zona de poboación más dispersa de todo o concello.



## Puntos de interese na ruta

- 1.- Peto de Ánimas na Cruz do Avelán: Cruceiro de capela datado no séc. XVII, concretamente no ano 1672, e considerado o máis antigo de toda Galicia.
- 2.- Muíño da Devesa (con construcción de pozo): Popularmente chamado Muíño de Valentín (porque foi quen o construíu, arredor do ano 1926) ten un gran pozo que lle proporciona a forza necesaria á auga cando o caudal do regato é pequeno.
- 3.- Petróglifos de Bouzabadín: Con más de 4000 anos de antigüidade son testemuña dos habitantes da zona entre os anos 1800 e o 600 a.C.
- 4.- Plantacións de piñeiros e eucaliptos.

## Información de interese nas inmediacións do percorrido

**LAVADOIRO DE TEAIO:** Ademais de conxunto de pedras planas ou lancheiras nas que se lavaba a roupa, os lavadoiros tiveron unha importante labor social ao seren punto de encontro no que naceron amores, cantigas e se transmitiron historias de xeración en xeración.

**LAVANDEIRA:** A lavandeira (*Motacilla sp.*) é o primeiro paxaro que acode a picotear nos regos despois que se labra. A Lavandeira de Imo é un dos mellores conxuntos de hórreos do país con doce construccóns datadas no século XVIII, probablemente feitas polos mesmos canteiros que ergueron a Igrexa de S. Xoán.

**RELOXO DE SOL:** Datados de hai uns 3000 anos, hainos en toda Galicia, sendo más frecuentes en zonas rurais e de costa. Concretamente San Xoán de Laíño, a parroquia pola que transcorre o roteiro, conta con 9.

**O POZO BASTÓN:** Situado no río Té, entre os concellos de Rianxo e Dodro, arriba da Ferreira e abaixo de Bustelo. Ten unha lenda fermosísima que conta o fallido ritual de desencantamento das tres fillas dun mouro.

**MANANTIAL DE AUGAS CON XOFRE:** Situadas no lugar de Bexo estas fontes son consideradas de moita axuda nos problemas da pel.

**CASTRO DE BEXO:** Enclave estratégico, identífanse tres murallas defensivas e as bases do asentamento. Desmantelado e de difícil acceso, actualmente hai un proxecto de acondicionamento.



Concello  
de Dodro